

I.4.

agregadosdarenda

O maior dinamismo da economía galega en 2006 veu acompañado dunha moderación das tensións inflacionistas (medidas polas taxas de variación interanual do Índice de Prezos ao Consumo), así como dunha aceleración do ritmo de crecemento do número de persoas afiliadas á Seguridade Social e da taxa de crecemento dos custos laborais (máis acusada no caso dos custos salariais).

A análise do balance agregado e da conta de resultados das 13.573 empresas analizadas por Ardán reflicte, entre outros aspectos, unha desaceleración das principais variables analizadas, así como o mantemento da tendencia de redución do peso do inmobilitizado inmaterial no investimento total ao longo dos res anos considerados (2003-2005).

Inflación

Ao longo do ano 2006 a inflación galega, medida a través da taxa de variación interanual en decembro do índice xeral do Índice de Prezos ao Consumo (IPC), amosou un nítido proceso de desinflación. No último ano o IPC creceu un 2,6%, un punto e unha décima menos que no mesmo período do ano anterior. Este comportamento, motivado en parte pola evolución dos prezos enerxéticos, permitiu reducir lixeiramente o diferencial de inflación coa Unión Europea, pasando dos 0,5 puntos de 2005 aos 0,4 puntos do último ano.

Pontevedra volve a ser a provincia galega coa taxa de variación interanual máis elevada, co 2,8%, dúas décimas máis que a rexistrada no conxunto de Galicia. Pola contra, o **cadro 1.4.1.** reflicte que en Ourense, onde se rexistra a menor medra dos prezos, a taxa de inflación situouse no 2,3%, 1,3 puntos menos que en 2005.

Os compoñentes máis inflacionistas respecto ao consumo en Galicia, ao igual que sucede no conxunto do Estado, son os da vivenda e o grupo de hoteis, cafés e restaurantes, cunha medra en Galicia do 4,7%, e o do ensino, cun 4,2%. Por contra, os menos inflacionistas foron as comunicacións, cun nivel de inflación negativo (-1,7%), e ocio e cultura, cunha taxa de variación interanual do 0,1% en Galicia. A inflación subxacente (non considera os alimentos non elaborados nin os produtos enerxéticos) presentou en 2006 unha taxa de crecemento do 2,3% en Galicia, dúas décimas menos que en España.

Como reflictan os **cadros 1.4.3. e 1.4.4.**, o mes de maio rexistrou o incremento de prezos máis elevado, cun 4,2% respecto ao mesmo mes do ano anterior, mentres que o máis baixo se deu en outubro, co 2,4%. Ao longo do ano, tanto nos dous primeiros meses do ano coma no derradeiro trimestre, a taxa de variación interanual da inflación en Galicia sitúase por baixo da española, mentres que de marzo a xuño a inflación galega é superior á rexistrada en España.

IPC xeral (1) nas CC.AA. 2005-06: taxas de variación interanuais

| | 2005 | 2006 | 06/05 |
|------------------|------|-------------------------|-------|
| | (%) | (en puntos porcentuais) | |
| Andalucía | 3,6 | 2,9 | -0,7 |
| Aragón | 3,8 | 2,9 | -0,9 |
| Asturias | 3,5 | 2,4 | -1,1 |
| Baleares | 3,5 | 2,8 | -0,7 |
| Canarias | 2,8 | 2,0 | -0,8 |
| Cantabria | 3,6 | 2,7 | -0,9 |
| Castela e León | 3,7 | 2,7 | -1,0 |
| Castela-A Mancha | 3,8 | 2,6 | -1,2 |
| Cataluña | 4,3 | 2,8 | -1,5 |
| C. Valenciana | 3,5 | 2,6 | -0,9 |
| Estremadura | 3,1 | 2,4 | -0,7 |
| Galicia | 3,7 | 2,6 | -1,1 |
| A Coruña | 3,6 | 2,6 | -1,0 |
| Lugo | 3,6 | 2,5 | -1,1 |
| Ourense | 3,6 | 2,3 | -1,3 |
| Pontevedra | 4,0 | 2,8 | -1,2 |
| Madrid | 3,7 | 2,7 | -1,0 |
| Murcia | 4,1 | 2,5 | -1,6 |
| Navarra | 3,7 | 2,1 | -1,6 |
| País Vasco | 3,7 | 2,6 | -1,1 |
| A Ríoxa | 4,4 | 3,1 | -1,3 |
| Ceuta-Melilla | 3,7 | 2,6 | -1,1 |
| Total | 3,7 | 2,7 | -1,0 |

(1) base 2001

○ 1.4.1.

IPC galego e español 2005-06: distribución segundo grupos (1)

| | 2005 | | 2006 | | 06/05 | |
|-------------------------------------|---------|--------|---------|--------|---------|--------|
| | Galicia | España | Galicia | España | Galicia | España |
| Xeral | 3,7 | 3,7 | 2,6 | 2,7 | -1,1 | -1,0 |
| Alimentos e bebidas non alcohólicas | 4,8 | 4,2 | 3,1 | 3,2 | -1,7 | -1,0 |
| Bebidas alcohólicas e tabaco | 4,5 | 5,1 | 1,5 | 1,4 | -3,0 | -3,7 |
| Vestido e calzado | 1,2 | 1,4 | 1,0 | 1,3 | -0,2 | -0,1 |
| Vivenda | 5,6 | 6,0 | 4,7 | 4,9 | -0,9 | -1,1 |
| Menaxe | 2,6 | 2,2 | 3,1 | 2,6 | 0,5 | 0,4 |
| Medicina | 0,8 | 0,7 | 1,9 | 1,7 | 1,1 | 1,0 |
| Transporte | 6,2 | 6,2 | 1,7 | 1,8 | -4,5 | -4,4 |
| Comunicacións | -1,8 | -1,7 | -1,7 | -1,5 | 0,1 | 0,2 |
| Ocio e cultura | 0,7 | 0,6 | 0,1 | -0,6 | -0,6 | -1,2 |
| Ensino | 4,0 | 4,1 | 4,2 | 4,4 | 0,2 | 0,3 |
| Hoteis, cafés e restaurantes | 3,8 | 4,3 | 4,7 | 4,4 | 0,9 | 0,1 |
| Outros bens e servizos | 3,0 | 3,4 | 3,1 | 3,9 | 0,1 | 0,5 |

(1) taxas de variación anuais

Fonte: INE, Índice de Precios de Consumo

○ 1.4.2.

IPC galego e español 2006: índice e taxas de variación mensuais e anuais

| | Índice | | Variación mensual (1) | | Variación anual (2) | | Variación no que vai de ano | |
|----------|-------------------|--------|-----------------------|--------|---------------------|--------|-----------------------------|--------|
| | Galicia | España | Galicia | España | Galicia | España | Galicia | España |
| | (Base 2001 = 100) | | | | (%) | | | |
| Xaneiro | 115,5 | 115,4 | -0,7 | -0,4 | 4,1 | 4,2 | -0,7 | -0,4 |
| Febreiro | 115,7 | 115,5 | 0,1 | 0,0 | 3,9 | 4,0 | -0,6 | -0,4 |
| Marzo | 116,6 | 116,3 | 0,8 | 0,7 | 4,0 | 3,9 | 0,2 | 0,3 |
| Abril | 118,3 | 117,9 | 1,5 | 1,4 | 4,0 | 3,9 | 1,7 | 1,8 |
| Maio | 118,8 | 118,3 | 0,4 | 0,4 | 4,2 | 4,0 | 2,1 | 2,1 |
| Xuño | 118,9 | 118,5 | 0,1 | 0,2 | 4,1 | 3,9 | 2,2 | 2,3 |
| Xullo | 117,9 | 117,8 | -0,8 | -0,6 | 4,0 | 4,0 | 1,3 | 1,7 |
| Agosto | 118,2 | 118,0 | 0,2 | 0,2 | 3,7 | 3,7 | 1,6 | 1,9 |
| Setembro | 118,1 | 117,9 | 0,0 | -0,2 | 2,9 | 2,9 | 1,5 | 1,7 |
| Outubro | 118,8 | 118,3 | 0,6 | 0,4 | 2,4 | 2,5 | 2,1 | 2,1 |
| Novembro | 119,2 | 118,6 | 0,3 | 0,2 | 2,5 | 2,6 | 2,4 | 2,4 |
| Decembro | 119,4 | 119,0 | 0,2 | 0,3 | 2,6 | 2,7 | 2,6 | 2,7 |


(1) calculada sobre o mes anterior

(2) calculada sobre o mesmo mes do ano anterior

Fonte: INE, Índice de Precios de Consumo

| 1.4.

○ 1.4.3.

Evolución do IPC xeral en Galicia e España 2005-06Fonte: INE, *Índice de Precios de Consumo*

○ 1.4.4.

Índice de prezos industriais nas CC.AA. segundo destino económico 2006: taxas de variación anuais

| | Índice xeral | Bens de consumo | Bens de consumo duradeiro | Bens de consumo non duradeiro | Bens de equipo | Bens intermedios | Enerxía |
|------------------|--------------|-----------------|---------------------------|-------------------------------|----------------|------------------|---------|
| Andalucía | 1,9 | -2,1 | 5,1 | -2,8 | 2,2 | 11,0 | -2,1 |
| Aragón | 6,1 | 5,2 | 1,8 | 7,0 | 2,0 | 10,1 | 7,8 |
| Asturias | 9,8 | 0,6 | 1,1 | 0,5 | 3,0 | 15,4 | 7,4 |
| Baleares | 4,8 | 3,3 | 0,8 | 3,8 | 7,7 | 3,9 | 7,7 |
| Canarias | 2,7 | 8,0 | 8,6 | 8,0 | -1,4 | 5,2 | -1,9 |
| Cantabria | 6,5 | 3,1 | 1,9 | 3,5 | 5,7 | 8,7 | 7,0 |
| Castela e León | 4,9 | 2,8 | 2,7 | 2,8 | 3,7 | 6,2 | 8,6 |
| Castela-A Mancha | 3,7 | 1,4 | 2,6 | 1,3 | 5,0 | 5,9 | 3,7 |
| Cataluña | 3,8 | 2,1 | 3,6 | 1,9 | 2,2 | 5,8 | 5,2 |
| C. Valenciana | 3,6 | 2,4 | 3,1 | 2,2 | 3,6 | 4,6 | 4,0 |
| Extremadura | 5,9 | 1,5 | 3,0 | 1,4 | 20,6 | 5,7 | 7,4 |
| Galicia | 3,8 | 2,6 | 3,8 | 2,6 | 1,3 | 7,0 | 4,5 |
| Madrid | 2,6 | 2,7 | 3,1 | 2,6 | 0,9 | 3,5 | 7,1 |
| Murcia | 4,5 | 3,5 | 3,7 | 3,3 | 1,8 | 10,4 | 0,7 |
| Navarra | 3,1 | 2,5 | 2,7 | 2,4 | -0,3 | 7,0 | 6,9 |
| País Vasco | 4,3 | 3,7 | 1,7 | 5,0 | 0,6 | 8,2 | 0,4 |
| A Rioxá | 1,4 | -0,2 | 3,6 | -0,5 | 6,3 | 3,0 | 6,9 |
| Total | 3,6 | 2,0 | 2,9 | 1,9 | 2,6 | 6,8 | 2,4 |

(1) base 2000. Datos correspondentes á medra rexistrada en decembro respecto ao mesmo mes do ano anterior

Fonte: INE, *Índice de Precios Industriales*

○ 1.4.5.

No concernente a outros indicadores de prezos, o **cadro 1.4.5.** amosa que a taxa de variación interanual en decembro do **índice xeral de prezos industriais** (IPI) rexistrou en Galicia unha medra do 3,8% respecto ao ano 2005, sendo esta porcentaxe dúas décimas superior á rexistrada no conxunto do Estado. Os maiores incrementos experiméntanse nos bens intermedios e nos enerxéticos, cunha medra do 7,0% e 4,5%, respectivamente. O IPI correspondente aos bens de equipamento medrou un 1,3% e o dos bens de consumo, un 2,6%.

No caso dos produtos agrícolas, o índice xeral de **prezos percibidos polos agricultores** no conxunto do Estado descendeu no ano 2006 un 0,9% en relación ao ano anterior, mentres que os prezos pagados polos bens de investimento e polos bens e servizos de uso corrente medraron un 4% e 3,1%, respectivamente. O descenso do índice xeral de prezos percibidos polos agri-

| Asignación funcional da renda en Galicia 2000-04 | | | | | | |
|--|------------------------------|----------------------|---|--|-------------------------|----------|
| | Remuneración dos asalariados | | Excedente de explotación bruto /Renda mixta bruta | Impostos netos sobre producción e importacións | PIB a prezos de mercado | |
| | Soldos e salarios | Cotizaciones sociais | | | | |
| (en millóns de €. Prezos correntes) | | | | | | |
| 2000 | 15.510,0 | 12.240,5 | 3.269,5 | 14.752,0 | 4.033,2 | 33.886,6 |
| 2001 | 16.581,5 | 12.983,0 | 3.598,5 | 16.138,2 | 4.287,8 | 36.504,8 |
| 2002 | 17.565,0 | 13.739,2 | 3.825,7 | 17.300,1 | 4.532,0 | 38.882,2 |
| 2003 | 18.765,3 | 14.685,4 | 4.079,9 | 18.381,5 | 4.962,6 | 41.555,1 |
| 2004 | 19.794,8 | 15.509,4 | 4.285,5 | 20.106,3 | 5.380,9 | 44.671,8 |
| (%) | | | | | | |
| 2000 | 45,8 | 36,1 | 9,6 | 43,5 | 11,9 | 100 |
| 2001 | 45,4 | 35,6 | 9,9 | 44,2 | 11,7 | 100 |
| 2002 | 45,2 | 35,3 | 9,8 | 44,5 | 11,7 | 100 |
| 2003 | 45,2 | 35,3 | 9,8 | 44,2 | 11,9 | 100 |
| 2004 | 44,3 | 34,7 | 9,6 | 45,0 | 12,0 | 100 |

Fonte: IGE, *Contas Económicas. Base 2000*.

○ 1.4.6.

cultores ven motivado pola caída dos produtos vexetais (4,6%) e forestais e (2,9%), que non compensa a medra do 5% dos produtos animais.

Asignación funcional da renda

Os datos recollidos nas *Contas económicas de Galicia 1995-2006 (base 2000)*, publicadas polo IGE en marzo de 2007, amosan que no quinquenio 2000-2004, a participación da remuneración dos asalariados na renda descendeu nun punto porcentual e medio, pasando do 45,8% do primeiro ano da serie aos 44,3% de 2004. Tendo en conta a desagregación entre soldos e salarios e cotizaciones sociais, o **adro 1.4.6.** amosa o descenso de 1,4 puntos porcentuais no caso dos soldos e salarios, permanecendo igual a importancia relativa das cotizaciones sociais no PIB a prezos de mercado.

Pola contra, a participación dos excedentes brutos de explotación/rendas mixtas acada o 45,0% no derradeiro ano considerado, punto e medio por riba do acadado en 2000, mentres que o peso relativo dos impostos netos sobre producción e importacións mantívose praticamente constante.

Comparando os dous últimos anos da serie, a remuneración de asalariados medrou un 5,6%, sendo esta medra do 9,4% no caso dos excedentes brutos de explotación e rendas mixtas e do 8,4% no caso dos impostos netos á producción e ás importacións.

Se se ten en conta que a importancia relativa da poboación asalariada no conxunto do emprego –medido en termos do número de postos de traballo equivalente a tempo completo– medra de xeito continuado dende o 74,9% de 2000 ata os 78,5% de 2004, os datos das *Contas económicas* indican unha lixeira caída da participación dos asalariados na renda. Se en 2000, o 74,9% dos traballadores repartíanse o 45,8% da renda, no último ano considerado, o 44,3% da renda se distribúe entre o 78,5% dos asalariados.

Custos e salarios

O **aumento salarial pactado** rexistrou en Galicia un lixeiro descenso en 2006, ao presentar unha medra do 4,05% fronte ao 4,38% do ano anterior. Atendendo á desagregación segundo convenios de empresa e convenios doutro ámbito, o **adro 1.4.7.** amosa que estes medraron un 3,97% e 4,15%, respectivamente. Comparado co total estatal, e ao igual que o acontecido en 2005, Galicia presenta un aumento salarial pactado superior ao da media española, sendo este superior tanto no caso dos convenios de empresa como nos doutro ámbito.

Aumento salarial pactado en Galicia e España 2004-06

| | 2004 | 2005 | 2006 |
|-------------------------|------|------|------|
| | (%) | | |
| Galicia | | | |
| Total convenios | 3,96 | 4,38 | 4,05 |
| Convenios de empresa | 3,34 | 3,97 | 3,97 |
| Convenios doutro ámbito | 4,06 | 4,44 | 4,15 |
| España | | | |
| Total convenios | 3,60 | 4,05 | 3,57 |
| Convenios de empresa | 3,14 | 3,61 | 3,11 |
| Convenios doutro ámbito | 3,65 | 4,10 | 3,63 |

(1) Incorporadas as revisións salariais por cláusulas de salvagarda

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos sociales

O 1.4.7.
Custos laborais en Galicia e España 2005-06: distribución segundo sectores económicos e compoñentes do custo

| | 2005 | | | | España | | | |
|--|----------|-----------|--------------|----------|----------|-----------|--------------|----------|
| | Total | Industria | Construcción | Servizos | Total | Industria | Construcción | Servizos |
| | (en €) | | | | | | | |
| Custo laboral por traballador e mes | | | | | | | | |
| Custo total | 1.815,57 | 2.034,60 | 1.802,45 | 1.733,56 | 2.110,07 | 2.420,11 | 2.057,80 | 2.028,44 |
| Custo salarial total | 1.318,12 | 1.470,33 | 1.247,36 | 1.276,10 | 1.560,20 | 1.787,37 | 1.439,43 | 1.517,29 |
| Custo salarial ordinario | 1.140,96 | 1.243,10 | 1.125,37 | 1.104,85 | 1.345,09 | 1.514,18 | 1.288,33 | 1.306,33 |
| Custo por percepcións non salariais | 497,45 | 564,27 | 555,10 | 457,46 | 549,87 | 632,75 | 618,37 | 511,15 |
| Custo por cotizacións obligatorias | 81,05 | 94,14 | 111,93 | 68,56 | 78,25 | 84,63 | 111,51 | 69,54 |
| Subvencións e bonificacións da S. Social | 432,24 | 488,72 | 455,81 | 404,46 | 489,54 | 570,08 | 520,13 | 459,29 |
| Custo laboral por hora efectiva | | | | | | | | |
| Custo total por hora | 13,16 | 14,12 | 12,14 | 13,04 | 15,44 | 17,15 | 13,86 | 15,26 |
| Custo salarial total por hora | 9,56 | 10,21 | 8,40 | 9,60 | 11,41 | 12,67 | 9,69 | 11,41 |
| Custos salarial ordinario por hora | 8,27 | 8,62 | 7,58 | 8,31 | 9,85 | 10,74 | 8,68 | 9,83 |
| Outros custos por hora | 3,61 | 3,91 | 3,74 | 3,44 | 4,03 | 4,49 | 4,17 | 3,85 |
| 2006 | | | | | | | | |
| | Total | Industria | Construcción | Servizos | Total | Industria | Construcción | Servizos |
| | (en €) | | | | | | | |
| Custo laboral por traballador e mes | | | | | | | | |
| Custo total | 1.895,27 | 2.111,48 | 1.892,53 | 1.818,29 | 2.183,59 | 2.510,21 | 2.139,92 | 2.102,18 |
| Custo salarial total | 1.378,20 | 1.544,66 | 1.303,21 | 1.336,03 | 1.613,67 | 1.851,94 | 1.493,26 | 1.572,76 |
| Custo salarial ordinario | 1.201,58 | 1.321,55 | 1.167,00 | 1.166,37 | 1.398,35 | 1.571,19 | 1.341,46 | 1.362,26 |
| Custo por percepcións non salariais | 517,08 | 566,82 | 589,32 | 482,26 | 569,92 | 658,28 | 646,66 | 529,42 |
| Custo por cotizacións obligatorias | 81,07 | 68,30 | 121,40 | 76,33 | 82,86 | 91,36 | 118,27 | 73,11 |
| Subvencións e bonificacións da S. Social | 454,90 | 520,06 | 486,55 | 423,94 | 506,56 | 590,39 | 543,91 | 475,53 |
| Custo laboral por hora efectiva | | | | | | | | |
| Custo total por hora | 13,95 | 14,91 | 12,93 | 13,84 | 16,08 | 17,89 | 14,53 | 15,92 |
| Custo salarial total por hora | 10,15 | 10,92 | 8,91 | 10,18 | 11,89 | 13,20 | 10,14 | 11,91 |
| Custos salarial ordinario por hora | 8,84 | 9,33 | 7,97 | 8,88 | 10,30 | 11,20 | 9,11 | 10,32 |
| Outros custos por hora | 3,80 | 4,00 | 4,02 | 3,66 | 4,19 | 4,69 | 4,39 | 4,01 |

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de INE, Índice de Costes Laborales

O 1.4.8.

De xeito similar ao acontecido no ano 2005, o **custo laboral por traballador e mes** en Galicia experimentou unha medra superior á media estatal. Tras o incremento do 4,4% respecto ao ano anterior (3,5% no conxunto do Estado), o custo laboral medio ascendeu a 1.895,27 euros (un 13,2% inferior á media estatal), o que volve a situar a Galicia coma a cuarta comunidade autónoma cos custos laborais máis baixos, tan só superada por Murcia (1.830,67 euros por traballador e mes), Canarias (1.782,58 euros) e Estremadura (1.727,49 euros).

No último ano, tanto os custos salariais coma os non salariais medraron en Galicia porriba da media estatal. En Galicia os incrementos foron do 4,6% e do 3,9%, respectivamente, en tanto que no conxunto do Estado aos aumentos acadaron o 3,4% e o 3,6%.

I.4.

Tempo de traballo segundo traballador e mes en Galicia e España 2005-06: distribución segundo tipo de xornada e sectores de actividade

2005

| | Total sectores | | Industria | | Construcción | | Servizos | |
|-------------------------------------|-----------------------|---------|------------------|---------|---------------------|---------|-----------------|---------|
| | España | Galicia | España | Galicia | España | Galicia | España | Galicia |
| Horas pactadas | | | | | | | | |
| Total traballadores | 157,5 | 157,8 | 165,9 | 165,3 | 168,7 | 169,1 | 152,7 | 152,1 |
| Traballadores a tempo completo | 169,8 | 170,0 | 170,8 | 170,9 | 171,4 | 171,3 | 169,0 | 169,2 |
| Traballadores a tempo parcial | 84,9 | 82,1 | 84,9 | 95,1 | 85,0 | 73,5 | 85,0 | 80,4 |
| Horas pagadas | | | | | | | | |
| Total traballadores | 158,2 | 158,3 | 167,0 | 166,1 | 168,9 | 169,3 | 153,3 | 152,6 |
| Traballadores a tempo completo | 170,6 | 170,5 | 172,0 | 171,8 | 171,8 | 171,6 | 169,8 | 169,6 |
| Traballadores a tempo parcial | 85,1 | 82,9 | 84,9 | 95,0 | 85,0 | 73,5 | 85,2 | 81,3 |
| Horas efectivas | | | | | | | | |
| Total traballadores | 136,9 | 138,2 | 141,6 | 144,5 | 148,7 | 148,8 | 133,1 | 133,2 |
| Traballadores a tempo completo | 147,4 | 148,6 | 145,6 | 149,3 | 151,1 | 150,7 | 147,2 | 147,7 |
| Traballadores a tempo parcial | 75,0 | 73,9 | 74,7 | 85,0 | 76,5 | 66,7 | 75,0 | 72,4 |
| Horas non traballadas | | | | | | | | |
| Total traballadores | 21,4 | 20,4 | 25,7 | 21,9 | 20,5 | 21,0 | 20,3 | 19,6 |
| Traballadores a tempo completo | 23,3 | 22,2 | 26,6 | 22,9 | 20,9 | 21,4 | 22,8 | 22,2 |
| Traballadores a tempo parcial | 10,2 | 9,0 | 10,3 | 10,1 | 8,6 | 6,8 | 10,3 | 8,9 |
| Horas extras por traballador | | | | | | | | |
| Total traballadores | 0,8 | 0,7 | 1,3 | 1,1 | 0,4 | 0,4 | 0,7 | 0,7 |
| Traballadores a tempo completo | 0,9 | 0,7 | 1,4 | 1,2 | 0,4 | 0,4 | 0,8 | 0,6 |
| Traballadores a tempo parcial | 0,3 | 0,8 | 0,1 | 0,0 | 0,0 | - | 0,3 | 1,0 |

2006

| | Total sectores | | Industria | | Construcción | | Servizos | |
|-------------------------------------|-----------------------|---------|------------------|---------|---------------------|---------|-----------------|---------|
| | España | Galicia | España | Galicia | España | Galicia | España | Galicia |
| Horas pactadas | | | | | | | | |
| Total traballadores | 156,9 | 157,2 | 165,3 | 164,9 | 168,2 | 168,7 | 152,2 | 151,7 |
| Traballadores a tempo completo | 169,5 | 170,0 | 170,6 | 171,0 | 171,2 | 171,0 | 168,8 | 169,3 |
| Traballadores a tempo parcial | 86,2 | 80,6 | 83,8 | 88,4 | 85,8 | 81,2 | 86,4 | 79,5 |
| Horas pagadas | | | | | | | | |
| Total traballadores | 157,6 | 157,9 | 166,5 | 166,4 | 168,6 | 169,0 | 152,9 | 152,2 |
| Traballadores a tempo completo | 170,4 | 170,7 | 171,9 | 172,7 | 171,5 | 171,3 | 169,6 | 169,7 |
| Traballadores a tempo parcial | 86,4 | 81,4 | 83,8 | 88,4 | 85,8 | 81,2 | 86,6 | 80,4 |
| Horas efectivas | | | | | | | | |
| Total traballadores | 136,0 | 136,2 | 140,9 | 142,0 | 147,6 | 146,7 | 132,3 | 131,7 |
| Traballadores a tempo completo | 146,9 | 147,0 | 145,3 | 147,1 | 150,1 | 148,7 | 146,6 | 146,5 |
| Traballadores a tempo parcial | 75,6 | 71,7 | 73,5 | 78,2 | 76,8 | 71,9 | 75,7 | 70,7 |
| Horas non traballadas | | | | | | | | |
| Total traballadores | 21,7 | 21,8 | 25,8 | 24,6 | 21,1 | 22,5 | 20,7 | 20,7 |
| Traballadores a tempo completo | 23,7 | 23,9 | 26,8 | 25,8 | 21,6 | 22,8 | 23,2 | 23,4 |
| Traballadores a tempo parcial | 10,9 | 9,8 | 10,5 | 10,2 | 9,0 | 9,2 | 11,0 | 9,7 |
| Horas extras por traballador | | | | | | | | |
| Total traballadores | 0,8 | 0,8 | 1,4 | 1,7 | 0,4 | 0,4 | 0,8 | 0,6 |
| Traballadores a tempo completo | 0,9 | 0,8 | 1,5 | 1,8 | 0,4 | 0,4 | 0,9 | 0,5 |
| Traballadores a tempo parcial | 0,3 | 0,8 | 0,1 | 0,0 | 0,0 | - | 0,3 | 0,9 |

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de INE, Índice de Costes Laborales

○ 1.4.9.

A industria foi novamente, tanto en Galicia coma en España, o sector de actividade cos custos máis elevados, cunha media de 2.111,48 euros en Galicia, o 84,1% da media estatal. Séguenlle a construcción, cun custo laboral medio de 1.892,53 euros (o 88,4% do custo estatal) e os servizos, cun custo medio de 1.818,29 euros (o 86,5% do custo medio en España). Ao igual que aconteceu no ano anterior, do **adro 1.4.8.** despréndese que Galicia presenta na industria e, especialmente, na construcción, incrementos do nivel do custo laboral por traballador e mes superiores aos rexistrados no conxunto do Estado.

Un factor de análise sempre discutido no contexto da creación da inflación é a variación dos salarios monetarios. O importe das ganancias salariais (pagos ordinarios) por traballador e mes situou a Galicia coma a terceira comunidade autónoma cos custos salariais ordinarios máis bajos, con 1.201,58 euros en 2006 (196,77 euros menos que a media no conxunto do Estado), por diante de Murcia (1.196,55 euros) e Estremadura (1.131,28 euros). A diferenza do acontecido no ano anterior, o incremento salarial ordinario en Galicia en 2006 foi superior ao rexistrado no conxunto do Estado (5,3% e 5%, respectivamente), sendo a terceira comunidade autónoma co maior incremento respecto ao ano anterior, tras Castela-A Mancha e Aragón, que experimentan crecementos por riba do 6%.

| 1.4.

**Produtividade aparente do factor traballo en Galicia e España 2005-06:
distribución segundo sectores**

| | (en miles de €) | 2005 | | 2006 | |
|--|-----------------------|-------------|------------|-------------|--------|
| | | Galicia | España | Galicia | España |
| Producción (prezos correntes) | | | | | |
| PIB prezos de mercado | 46.060.314 | 905.455.000 | 49.841.539 | 976.189.000 | |
| VEB sector primario | 2.251.810 | 26.473.000 | 2.355.303 | 27.199.000 | |
| VEB industria | 6.217.895 | 122.844.000 | 6.705.103 | 130.557.000 | |
| VEB construcción | 5.345.090 | 94.161.000 | 6.048.939 | 106.437.000 | |
| VEB servizos | 25.825.000 | 546.929.000 | 27.520.631 | 583.773.000 | |
| Emprego | (en miles de persoas) | | | | |
| Total | 1.130,1 | 18.973,2 | 1.164,3 | 19.747,7 | |
| Sector primario | 121,0 | 1.000,7 | 110,9 | 944,3 | |
| Industria | 217,4 | 3.280,0 | 214,0 | 3.292,1 | |
| Construcción | 125,1 | 2.357,2 | 139,0 | 2.542,9 | |
| Servizos | 666,7 | 12.335,4 | 700,5 | 12.968,4 | |
| Produtividade aparente (p. correntes) | (en € por ocupado) | | | | |
| Total | 40.758,63 | 47.722,78 | 42.809,08 | 49.433,11 | |
| Sector primario | 18.617,69 | 26.454,48 | 21.242,87 | 28.804,11 | |
| Industria | 28.601,17 | 37.453,01 | 31.339,58 | 39.657,67 | |
| Construcción | 42.743,62 | 39.945,70 | 43.533,21 | 41.856,13 | |
| Servizos | 38.737,02 | 44.338,34 | 39.287,12 | 45.015,12 | |
| Produtividade aparente (p. correntes) | (%) | | | | |
| Total | 85,4 | 100 | 86,6 | 100 | |
| Sector primario | 70,4 | 100 | 73,7 | 100 | |
| Industria | 76,4 | 100 | 79,0 | 100 | |
| Construcción | 107,0 | 100 | 104,0 | 100 | |
| Servizos | 87,4 | 100 | 87,3 | 100 | |

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de INE, *Índice de costes laborales e Encuesta de Población Activa*

(1) Para o cálculo da produtividade aparente empréganse os datos da ocupación segundo a EPA, polo que, dado o cambio de metodoloxía, os datos de 2004 e 2005 non son directamente comparables

○ 1.4.10.

No concernente ao tempo medio de traballo por traballador e mes, **adro 1.4.9.**, o número de **horas efectivamente traballadas** descendeu tanto en Galicia como no conxunto do Estado, acadando as 136,2 horas e 136,0 horas no ano 2006, respectivamente. Os traballadores a tempo completo teñen en Galicia 147 horas efectivamente traballadas (146,9 horas de media en España), e os traballadores a tempo parcial, un total de 71,7 horas ao mes (75,6 horas no conxunto do Estado).

Do mesmo xeito que en anos anteriores, a construcción é o sector de actividade con máis horas pactadas e efectivas, seguido pola industria e os servizos. No caso dos traballadores a tempo completo, a construcción é o sector que presenta un maior número de horas pactadas e efectivas, mentres que a industria o é no caso dos traballadores a tempo parcial.

A pesar de que o número de horas efectivamente traballadas descende lixeiramente, no último ano medrou o **custo laboral por hora efectiva**, que acada un valor monetario en Galicia de 13,95 euros (16,08 euros de media en España). Este incremento prodúcese tanto no custo salarial como en “outros custos”.

A **produtividade aparente do factor traballo**, medida como o cociente entre o produto interior bruto (prezos constantes) e o emprego (fonte INE, *Encuesta Población Activa*), situouse en Galicia nos 42.809,08 euros por persoa ocupada en 2006. Se a media estatal é 100, o PIB (prezos correntes) por ocupado en Galicia acada un valor do 86,6%, situándose esta porcentaxe por baixo da media galega nos sectores primario e na industria: 73,7% e 79,0%. No sector servizos a produtividade aparente do traballo en Galicia foi do 87,3% da media estatal, e na construcción, do 104,0%.

Resultados empresariais

Un último elemento a ter en conta á hora de analizar os agregados da renda é o que fai referencia aos resultados económicos das empresas. A conta de resultados agregada das 13.573 empresas analizadas por Ardán reficen que no ano 2005 (último dato dispoñible) se rexistrhou unha desaceleración no ritmo de crecemento das principais variables.

Actividade empresarial 2004-05: ingresos, custos e resultados

| | 2004 | | 2005 | | Taxa variación 05/04 (%) |
|--------------------------------------|--------------------|-------|--------------------|-------|-----------------------------|
| | (en millones de €) | (%) | (en millones de €) | (%) | |
| Ingresos de explotación | 55.644,91 | 100 | 60.119,75 | 100 | 8,0 |
| Consumos e outros gastos expl. | 44.054,08 | 79,17 | 47.524,86 | 79,05 | 7,9 |
| Valor engadido bruto custe factores | 11.590,83 | 20,83 | 12.594,90 | 20,95 | 8,7 |
| Gastos de persoal | 6.944,62 | 12,48 | 7.534,56 | 12,53 | 8,5 |
| Rtdo. económico bruto de explot. | 4.646,21 | 8,35 | 5.060,34 | 8,42 | 8,9 |
| Amortizacíons e provisións | 1.689,45 | 3,04 | 1.760,15 | 2,93 | 4,2 |
| Rtdo. económico neto de explot. | 2.956,75 | 5,31 | 3.300,19 | 5,49 | 11,6 |
| Rtdo. Financeiro | -100,06 | -0,18 | 18,55 | 0,03 | 118,5 |
| Ingresos financeiros | 636,25 | 1,14 | 829,94 | 1,38 | 30,4 |
| Gastos financeiros | 736,31 | 1,32 | 811,39 | 1,35 | 10,2 |
| Rtdo. de actividades ordinarias | 2.856,69 | 5,13 | 3.318,74 | 5,52 | 16,2 |
| Rtdo. de actividades extraordinarias | 156,43 | 0,28 | 334,16 | 0,56 | 113,6 |
| Rtdo. antes de impostos | 3.013,12 | 5,41 | 3.652,90 | 6,08 | 21,2 |
| Impostos | 857,73 | 1,54 | 1.029,14 | 1,71 | 20,0 |
| Rtdo. neto do exercicio | 2.155,39 | 3,87 | 2.623,76 | 4,36 | 21,7 |
| Cash-flow | 3.687,61 | 6,63 | 4.221,73 | 7,02 | 14,5 |

Fonte: Ardán

○ 1.4.11.**Actividade empresarial 2004-05:
evolución do investimento e do financiamento**

| | 2004 | | 2005 | | Taxa variación 05/04 (%) |
|---------------------------------------|--------------------|-------|--------------------|-------|-----------------------------|
| | (en millones de €) | (%) | (en millones de €) | (%) | |
| INVESTIMENTO TOTAL | 48.168,41 | 100 | 54.700,22 | 100 | 13,56 |
| Investimento en fixo (neto) | 19.962,09 | 41,44 | 22.530,25 | 41,19 | 12,87 |
| Gastos amortizables | 405,73 | 0,84 | 416,28 | 0,76 | 2,60 |
| Inmobiliizado inmaterial | 1.577,51 | 3,27 | 1.693,05 | 3,10 | 7,32 |
| Inmobiliizado material | 12.863,44 | 26,71 | 13.960,91 | 25,52 | 8,53 |
| Outro inmobiliizado | 5.095,41 | 10,58 | 6.441,83 | 11,78 | 26,42 |
| Outro activo fixo | 20,01 | 0,04 | 18,18 | 0,03 | -9,15 |
| Investimento en circulante (neto) | 28.206,32 | 58,56 | 32.169,98 | 58,81 | 14,05 |
| Existencias | 9.897,18 | 20,55 | 11.279,09 | 20,62 | 13,96 |
| Deudores | 13.769,61 | 28,59 | 15.502,21 | 28,34 | 12,58 |
| Tesourería | 1.891,77 | 3,93 | 2.280,08 | 4,17 | 20,53 |
| Outro activo circulante | 2.647,76 | 5,50 | 3.108,59 | 5,68 | 17,40 |
| FONTES DE FINANCIAMENTO | 48.168,41 | 100 | 54.700,22 | 100 | 13,56 |
| Financiamento permanente | 25.064,58 | 52,04 | 28.052,87 | 51,28 | 11,92 |
| Fondos propios | 14.839,67 | 30,81 | 16.653,25 | 30,44 | 12,22 |
| Financiamento alleo a longo prazo | 9.084,68 | 18,86 | 10.212,97 | 18,67 | 12,42 |
| Ingresos distribuir varios exercicios | 1.140,24 | 2,37 | 1.186,65 | 2,17 | 4,07 |
| Financiamento alleo a curto prazo | 23.103,82 | 47,96 | 26.647,35 | 48,72 | 15,34 |
| FONDO DE ROTACIÓN | 5102,49 | 10,59 | 5522,63 | 10,10 | 8,23 |

Fonte: Ardán

○ 1.4.12.

O valor engadido bruto a custo dos factores segue medrando a un ritmo superior ao dos ingresos de explotación como consecuencia dun mellor control dos custos externos. Trala medra do oito por cento dos ingresos de explotación, sete décimas por baixo do que o fai o valor engadido bruto, **adro 1.4.11.**, a importancia relativa do VEB medra dende o 20,8% do ano 2004 ata o 21% de 2006. Tendo en conta o incremento dun 8,5% dos gastos de persoal, o resultado económico bruto de explotación creceu un 8,9%.

O balance agregado das empresas estudiadas indica un crecemento do investimento do activo fixo do 12,9%, sendo esta taxa do 8,5% no caso do inmobilizado material e do 7,3% no do inmobilizado inmaterial. Neste último caso, cómpre salientar non só o descenso da súa importancia relativa no investimento total, senón tamén o mantemento da tendencia da redución do seu peso ao longo dos tres anos analizados por ardán.

No concernente ás fontes de financiamento, mantense o peso relativo do financiamento a longo prazo respecto ao total e o do financiamento propio en relación ao total. No ano 2005, o 30,4% do investimento financiouuse con recursos propios e o 69,6% restante, con recursos alleos. Dentro destes últimos, destaca a importancia dos recursos alleos a curto prazo, que representan o 48,7% do investimento total. ■